

Estudo das necesidades das persoas maiores de 65 anos que viven soas

Resumo executivo



Xullo 2013

XUNTA DE GALICIA

Estudo das necesidades das persoas maiores de 65 anos que viven soas. Resumo executivo, xullo 2013

*Asociación Asistencial Galega de Servizos á Dependencia,
Agasdep*

Xunta de Galicia
Consellería de Traballo e Benestar
Secretaría Social de Política Social



ENFOQUE METODOLÓGICO

Aspectos xerais: relativos ao colectivo das persoas maiores en materia de axudas técnicas (cadeiras de rodas, bastón...) ou, respecto a outras persoas, para a realización de actividades da vida cotiá, entre outras.



Grao de relación: o estudo anterior completárase cun punto específico para analizar como son as **relacións das persoas maiores que viven soas co seu ámbito**, tanto próximo (familiares, amigos, veciños) coma externo (relación con outras persoas a través de actividades socioculturais).

estratos

- **Idade.** Diferéncianse os seguintes estratos:
 - Entre 65 e 75 anos
 - Maior de 75 anos

- **Rango de poboación.** Diferéncianse os seguintes estratos:
 - Concellos de menos de 5000 habitantes
 - Concellos entre 5000 e 20.000 habitantes
 - Concellos de máis de 20.000 habitantes

- **Sexo.** Diferéncianse os seguintes estratos:
 - Muller
 - Home



657 enquisas en Galicia
20 enquisas en Portugal



Galicia


OBXECTIVO

N.º habitantes	Enquisas/provincia	Enquisas/total
Menos de 5000	31	123
5000 < N.º habitantes <20.000	40	159
Máis de 20.000	54	218
TOTAL	125	500

REALIZADO


	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Totais
Menos de 5000 habitantes	37	31	42	51	161
Entre 5000 e 20.000 habitantes	78	43	60	66	247
Máis de 20.000 habitantes	61	54	54	80	249
Totais	176	128	156	197	657

Aspectos gerais




Por rango de habitantes, non se observan diferenzas significativas.

Por sexo, os homes indican precisar de máis axudas técnicas que as mulleres, cun 38,2 % fronte a un 24,2 % das mulleres



Por **tramos de idades**, as persoas de maior idade presentan unha necesidade maior de **usar bastón**, practicamente **tres veces máis que no caso de persoas entre 65 e 75 anos**, cun 35,5 % no primeiro e un 12,2 % no segundo caso.




X 3


Axuda doutras persoas

Cómpre salientar que **máis da metade dos enquisados** sinalan que **non reciben** actualmente axudas externas (53,6 %).


O que máis destaca é a axuda que prestan os familiares e os/as empregados/as do fogar, cun 30,3 % e 14,5 %, respectivamente




Recibe axudas doutras persoas para a realización de actividades da vida diaria. **Análise por idade**




No caso dos concellos de **máis de 20.000** habitantes, a porcentaxe de persoas que non reciben axudas está por riba do 60 %.



Cando se recibe **axuda dos familiares**, é frecuente que sexa durante os sete días da semana (7 %), soamente por detrás dos casos en que a perciben dous días á semana (10,5 %) que é o máis común.




Usuarios de servicios




Os que máis frecuencia de uso presentan son os de **teleasistencia domiciliaria e axuda no fogar**, cunhas porcentaxes do 9,4 % e do 6,7 %, respectivamente.


Centro sociocomunitario, cunha porcentaxe de usuarios do 20,5 %.



Os maiores usuarios deste tipo de servizos son, **con moita diferenza**, as persoas maiores de 75 anos.



Por rangos de poboación, obsérvase que en teleasistencia domiciliaria hai un **maior número de usuarios que adoitan vivir en concellos de máis de 20.000 habitantes**. Porén, na axuda no fogar a relación é inversa.




O **teléfono social** presenta unha porcentaxe de emprego case nula (0,5 %)

Descoñecemento do servizo


Por rangos de poboación, convén destacar que, das persoas enquisadas que pertencen a concellos de menos de 5000 habitantes, non o empregan nin o usan **ningunha** desas persoas; no caso dos concellos entre 5000 e 20.000 habitantes, unicamente o coñecen un **0,8 %** e, nas poboacións de máis de 20.000 habitantes, o valor é maior, aínda que segue sendo baixo, posto que se sitúa no **2,8 %**.

Participación en centros e voluntariado

Máis da metade das
persoas enquisadas
sinalan que **non son
socias ou usuarias** dalgún
centro ou asociación de
persoas maiores.




Este dato adquire
especial relevancia no
caso dos **concellos
pequenos**.




Por **sexo**, as
diferenzas NON son
menos
significativas.

Participa nalgún
programa de
voluntariado




Ademais, é **nos de pequena poboación nos que se indica un menor interese**, cun **83,9 %** dos casos, fronte a un 78,9 % e 79,9 % dos concellos de entre 5000 e 20.000 habitantes e dos de máis de 20.000 habitantes.




Necesidades no âmbito cognitivo no fogar

Lembrar citas (médico, salón de peiteado...)




Máis dunha de cada tres persoas (38,8 %) sinalan que teñen algún problema, en maior ou menor medida, para lembrar as súas citas da vida cotiá (médico, salón de peiteado...).

A partir dos 75 anos, elévase a porcentaxe de enquisados que esquecen as citas e que necesitan que alguén llas lembre: un 15 %, fronte ao 3,7 % na franxa dos 65 a 75 anos. Por rango de poboación, non hai diferenzas destacables e por sexo tampouco.




Acórdase de tomar a medicación pautada

Acórdase de tomar a medicación e a pauta marcada polo médico




A porcentaxe de persoas que sinalan que teñen dificultades, en maior ou menor medida, para lembrarse de tomar a medicación e a pauta marcada polo médico sitúase próxima ao **30 %**.




Alta sensibilidade segundo o tramo de idade. Non son significativas as diferenzas por sexo ou poboación.

Atender chamadas de teléfono

Pode fazer e atender chamadas por teléfono




Unha porcentaxe alta sinala que **non ten dificultades** para facer nin para atender as chamadas por teléfono, cun 83 % dos casos.




Sensibilidade por idade

Sentimento de tristeza



Máis da metade das persoas enquisadas (55,1 %) din que están tristes ou deprimidas.


Por idade ou rango de poboación, non se observan grandes diferenzas. Non obstante, por sexo, si hai certa diferenciación, posto que o 58,8 % das mulleres enquisadas se declaran tristes ou deprimidas, fronte ao 43,3 % dos homes.



Necesidades no âmbito cognitivo fóra do fogar

Manexa cartos nas súas compras diarias


Practicamente a totalidade das persoas enquisadas sinalan que poden manexar diñeiro, sen dificultade, nas súas compras diarias.



Esta situación **non está condicionada polo sexo da persoa ou polo tamaño da poboación**, dado que non presentan diferenzas significativas.


Comprende as instrucións que lle dá o médico

Un 37 % dos cidadáns enquisados sinalan que precisan ou que prefiren que os acompañen ao médico para entender as súas instrucións.




Necesidades no âmbito físico no fogar

A tipoloxía de tarefa que presenta unha maior dificultade entre as persoas enquisadas é a de **poder lavar a roupa, limpar a casa e facer a comida**.




Poden realizar as actividades físicas no fogar **sen dificultade**. **Alta sensibilidade por tramos de idades.**

Convén salientar que as maiores frecuencias se atopan entre as persoas de 65 a 75 anos




Poden realizar as actividades físicas no fogar sen dificultade. **Análise por sexo.**




Barreiras arquitetônicas

Practicamente en tres de cada cuatro casos (73,3 %) sinálase que existen **barreiras arquitectónicas** (escaleiras, bañeira...).




Barreiras arquitectónicas por tramos de poboación



Actuación ante incidencias/urxencias


Practicamente **a maioría** dos enquisados sinalan que, ante situacións de incidencias/urxencias, **son capaces** de manter a serenidade e de pedir axuda.




Necesidades no âmbito físico fóra do fogar

Emprego do transporte público


Máis dunha de cada catro persoas (**27,2 %**) sinalan que **teñen problemas** á hora de empregar o transporte público.



O dato varía en función do tramo de idade




O dato varía en función do tramo de poboación




Transporte adaptado

Os resultados obtidos mostran que **practicamente a totalidade sinala que non o necesita**, independentemente do grupo de idade, do sexo ou do tramo de poboación.



Grao de relación


O 61 % dos enquisados sinalan que **non lle gusta vivir só**



Esta situación non presenta diferenzas significativas no que atinxe á poboación, á idade ou ao sexo da persoa



Relación con familiares e amigos

Na maioría dos casos, as persoas manteñen relación tanto cos seus familiares coma cos seus amigos e veciños e en igual porcentaxe, un 96,7 %.




Participación en actividades socioculturais

Menos da metade das
persoas (45,8 %) sinalan
que acoden a este tipo
de actividades.




Acoden periodicamente a actividades socioculturais
(cursos, viaxes...).


Non existe diferenzas
por **sexo**, pero **si** por
tramo de poboación e
por idade.




Servizos máis solicitados para seguir vivindo na súa casa

Pregunta aberta






Obsérvase que os concellos que maior solicitude presentan son os de **máis de 20.000** habitantes.



Por idade, obsérvase que en ambos os casos as maiores porcentaxes se sitúan na franxa **de máis de 75 anos**.

Conclusión

Necesidades máis relevantes que precisan as persoas maiores que viven soas

	Fogar 	Fóra do Fogar 
Cognitivo 	2 • Lembrar citas (médico, salón de peiteado...) • Lembrar pautas médicas	4 • Habilitar o transporte público para as persoas maiores en poboacións de menos de 5000 habitantes
Físico 	1 • Tarefas do fogar • Supresión barreiras arquitectónicas	3 • Comprender as instrucións que lle dá o médico




Portugal

Os datos presentados anteriormente complétanse cos obtidos no **territorio de Portugal**, no que se realizaron un total de 20 enquisas. Isto permitirá establecer unha comparativa co territorio galego e observar as súas casuísticas propias:

- En Galicia, agás o uso de centros sociocomunitarios, cun 20,5 %, a totalidade dos servizos analizados presentan unha porcentaxe de uso por debaixo do 10 %. No caso de Portugal, os dous servizos máis frecuentes presentan unhas porcentaxes de uso moito máis significativas: Xantar na casa (40 % do casos) e Teleasistencia domiciliaria (35 % dos casos).
- No ámbito cognitivo no fogar, en Galicia, a maior necesidade por parte das persoas maiores é lembrar citas e pautas marcadas polo médico. Neste sentido, en Portugal, tamén se observan dificultades en canto a lembrar as citas, dado que un 50 % sinala que ten certas dificultades para lembralas, ben porque nota que comeza a esquecerlas (35 %) ou porque necesita que llas lembren (15 %).

- En Galicia, no eido cognitivo fóra do fogar, a maior necesidade detéctase en comprender as instrucións que dá o médico, posto que un 28,2 % sinala que prefire que o acompañen e un 8,5 % precisao. No caso de Portugal, a situación é similar, aínda que as porcentaxes se sitúan no 40 % no caso das persoas que si comprenden as instrucións que lles dá o médico, un 30 % que prefire ir acompañado aínda que poida ir só e un 30 % que necesita ir acompañado.
- En canto ás necesidades físicas no fogar, en Galicia, entre as maiores necesidades de axuda detectadas sitúase a de facilitar a realización de tarefas físicas, como poden ser as labores do fogar. Esta situación é similar en Portugal, onde a porcentaxe de casos en que poden realizar as tarefas do fogar sen dificultade se sitúa no 45 %, fronte a un 40 % que sinala que pode facelo pero con dificultade e un 15 % que precisa axuda.
- No eido galego, entre as persoas maiores de 65 anos que viven soas, os servizos que máis reclaman de forma cualitativa para poder seguir vivindo na súa casa son Axuda no fogar e Compañía. En Portugal, tamén se sinalan ambos os servizos como os máis demandados.



Estudo das necesidades das persoas maiores de 65 anos que viven soas



Unión Europea
FEDER
Invertimos en su futuro

